



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO

DATA: 30 DE XUÑO DE 2008

HORA: 20.30

CARÁCTER: ORDINARIO

No Salón de Sesións do Concello de Foz (Lugo), sendo as 20:30 horas do día 30 de xuño de 2008, previa convocatoria ó efecto ás 20:30 horas, reuniuse o Concello Pleno co obxecto de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria, en cumprimento do disposto no art. 112.1.4 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de Novembro, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. José María García Rivera e coa asistencia dos Concelleiros:

- D. Xaime Cancio Rodríguez
- D^a. Ana A. Incera Ares.
- D^a. Rosa Alonso Rodríguez
- D. Pedro M. Fernández Marful
- D. Ramón Sixto Legaspi
- D. Ángel Cao Pérez
- D^a. María Lidia Rodríguez Moreda
- D. José Luís Sánchez García
- D. Xoán Carlos González Basanta
- D. Balbino Fernández López
- D^a. María Xosefa Alonso Otero

- Non asiste a señora concelleira D^a. María Luisa Prieto Fanego

Secretario do Concello de Foz, D. Diego Ballina Díaz,

Asiste tamén o interventor municipal, D. Luís Ramón Vázquez Parga.

A Presidencia, tras comproba-la existencia do quórum esixido polo artigo 90 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión e pásase ó estudo, debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PP, SR CAO PÉREZ: Antes de comezar o Pleno Municipal queremos formular unha cuestión de orde para xustificar a ausencia da concelleira do noso grupo municipal. Ao final o señor Alcalde conseguiu o que quería. Que faltase un dos concelleiros da oposición. A súa falta non é casual. Dende hai dous meses o



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

grupo municipal socialista intenta obter este voto de forma antidemocrática rompendo a vontade do pobo de Foz que dixo non á maioría absoluta. Non estamos de acordo co presuposto que se vai aprobar utilizando estas tácticas e por iso o grupo municipal popular vaise levantar e abandonar a sesión plenaria.

O SEÑOR ALCALDE: Nós non temos nin arte nin parte no asunto, descoñecíámolo de forma absoluta.

A continuación abandonan a sesión plenaria sendo as 20:40 horas os señores Concelleiros do PP: D. Ángel Cao Pérez, D^a. María Lidia Rodríguez Moreda e D. José Luís Sánchez García

1) APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES DE DATAS 29 E MAIO DE 2008 (ORDINARIO) E DE 09 DE XUÑO DE 2008 (EXTRAORDINARIO).-

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR. GONZÁLEZ BASANTA: En referencia á acta de data 09 de xuño de 2008 queremos que se achegue á acta plenaria o acordo asinado polos tres grupos políticos para a tramitación do expediente da depuradora de Forxán.

A acta é aprobada por unanimidade coa salvedade reflectida.

2) DECRETOS DENDE A DERRADEIRA SESIÓN: DAR CONTA.-

A Corporación dáse por enterada.

3) PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO OUTORGAMENTO DE DÚASS DEDICACIÓNS PARCIAIS.-

Sométese a consideración a seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola comisión informativa:

Vistas as necesidades organizativas do Concello de Foz e o informe do secretario municipal de data 17 de xuño de 2008.

Tendo en conta estes antecedentes e vistas as atribución concedidas pola lexislación de réxime local, **propono ao Pleno Municipal:**

PRIMEIRO. –Outorgar dedicación parcial ás concelleiras Dona Rosa Alonso Rodríguez, concelleira delegada de Asuntos Sociais, Emigración, Xuventude e Deporte e Muller e a Dona Ana Aranzazu Incera Ares concelleira delegada de Medio Ambiente, Defensa do Ciudadán e Normalización Lingüística, por importe de 1027,46 euros mensuais que se desglosan do



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

seguinte xeito.

1) SALARIO

Salario: 656 €

Pagas extras: 109.33 €

2) SEGURIDAD SOCIAL: 262,13 €

SEGUNDO. –Publicar o presente acordo no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello.

O SEÑOR ALCALDE: Non nos queremos aproveitar da situación que ocasionou o grupo municipal popular co seu abandono e por iso pedimos que o asunto quede enriba da mesa para unha mellor discusión.

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR. GONZÁLEZ BASANTA: Aplicando esa mesma lóxica debería deixar todos os asuntos enriba da mesa.

O SEÑOR ALCALDE: Isto afecta a dúas concelleiras, os presupostos afectan a todo o pobo e o pobo non pode pararse.

Sometido a votación a proposta de deixar enriba da mesa o asunto, a mesma **é aprobada con seis votos a favor (D. José María García Rivera, D. Xaime Cancio Rodríguez Dona Rosa Alonso Rodríguez, D. Pedro M. Fernández Marful e D. Ramón Sixto Legaspi) e tres votos en contra (D. Xan Carlos González Basanta, D. Balbino Fernández López e Dona María Xosefa Alonso Otero).**

4) PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA A APROBACIÓN DO ORZAMENTO XERAL PARA O ANO 2008.-

Sométese a consideración a seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola comisión informativa:

Formado o proxecto de Orzamento Xeral para o exercicio económico de 2008 pola Alcaldía, conforme requiren os artigos 168.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 18.4 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, recolléndose neste os investimentos a realizar, así como os gastos e ingresos que se prevén gastar e liquidar durante o devandito exercicio polos diversos servizos municipais.

Correspondendo, igualmente, ao Pleno da Corporación Local aprobar anualmente, a través do Orzamento, a Plantilla de Persoal que deberá comprender todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual, conforme establecen os artigos 126 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local, 22 e 90 da Lei 7/1985, do 7 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Informado o devandito proxecto polo Interventor do Concello como esixe o artigo 168.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

En virtude do exposto, veño a propoñer ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro. - Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Foz para o 2008, o detalle do cal a nivel de capítulo é o seguinte:

ESTADO DE INGRESOS

Cap.	Denominación	Euros
1	Impostos directos	1.850.000,00
2	Impostos indirectos	100.000,00
3	Taxas e outros ingresos	1.351.300,00
4	Transferencias correntes	2.090.988,71
5	Ingresos patrimoniais	119.000,00
6	Alleamento de investimentos reais	0,00
7	Transferencias de capital	89.312,00
9	Pasivos Financeiros	0,00

Total Estado de Ingresos 5.600.600,78

ESTADO DE GASTOS

Cap.	Denominación	Euros
1	Gastos de persoal	2.420.095,00
2	Gastos en bens correntes e servizos	2.383.209,20
3	Gastos financeiros	101.700,00
4	Transferencias correntes	185.331,16
6	Investimentos reais	159.965,62
7	Transferencias de capital	12.200,00
9	Pasivos financeiros	338.100,00

Total Estado de Gastos 5.600.600,78

Segundo. - Aprobar as Bases de Execución do devandito Orzamento, constando as mesmas de cincuenta bases, e unha disposición final.

Terceiro. - Aprobar a Plantilla de Persoal deste Concello para 2008 que figura como Anexo no expediente do Orzamento, conforme ao seguinte:

PLANTILLA DE PERSOAL

A) POSTOS DE TRABAJO RESERVADOS A FUNCIONARIOS DE CARREIRA

DENOMINACIÓN	NUMERO	VACANTES	GRUPO
1.- HABILITACIÓN DE CARÁCTER ESTATAL			
1.1.- SECRETARIO	1	---	A1
1.2.- INTERVENTOR	1	---	A1
2.- ESCALA ADMINISTRACIÓN XERAL			
2.1.- SUBESCALA TÉCNICA			
2.1.1.- TÉCNICO	1	---	A2
2.2.- SUBESCALA ADMINISTRATIVA			
2.2.1.- ADMINISTRATIVO (RECADADOR)	1	1	C1
2.3.- SUBESCALA AUXILIARES			
2.3.1.- AUXILIARES ADMINISTRATIVOS	4	---	C2
2.4.- SUBESCALA SUBALTERNOS			
2.4.1.- BEDEIS	2	---	E
3.- ESCALA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL			
3.1.- SUBESCALA TÉCNICA			
3.1.1.- ARQUITECTO	1	---	A1
3.1.2.- TÉCNICO MEDIO (APARELLADOR)	1	---	A2
3.1.3.- AUXILIAR (CAPATAZ)	1	---	C1
3.2.- SUBESCALA SERVICIOS ESPECIAIS			



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

3.2.1.- POLICÍA LOCAL			
3.2.1.1.- CABO	1	---	C2
3.2.1.2.- GARDAS	8	1	C2
3.2.2.- PERSOAL DE OFICIOS			
3.2.2.1.- OPERARIO (CONDUCTOR)	1	1	E
TOTAL	23	3	---

B) POSTOS DE TRABALLO SUXEITOS Á LEXISLACIÓN LABORAL

DENOMINACIÓN	NUMERO	VACANTES
ASISTENTE SOCIAL	1	---
TÉCNICO DE CULTURA	1	---
ENCARGADO BIBLIOTECA	1	---
EDUCADOR FAMILIAR	1	---
EDUCADOR SOCIAL	1	---
TÉCNICO TURISMO	1	1
DIRECTOR ESCOLA DE MUSICA	1	---
TÉCNICO DE RADIO	1	---
LOCUTOR DE RADIO	2	---
AUXILIAR ADMINISTRATIVO REXISTRO	1	---
AUXILIAR ADMINISTRATIVO RECADACIÓN	1	1
BEDEL CASA DE CULTURA	1	---
EMPREGADAS FOGAR (AXUDA DOMICILIO)	2	---
OFICIAL 1ª URBANISMO	12	---
OFICIAL 1ª RECOLLIDA LIXO	2	---
OFICIAL 1ª EDUCACIÓN	1	---
OFICIAL 2ª RECOLLIDA LIXO	5	---
OFICIAL 2ª DEPORTES (PAVILLÓN)	1	---
PERSOAL SERVIZOS MÚLTIPLES	3	---
PEÓNS RECOLLIDA DE LIXO	9	6
PEÓNS XARDINERÍA	2	---
LIMPADORAS	6	2
TOTAL	56	10

Cuarto. - Expoñer ao público o Orzamento Xeral aprobado e a Plantilla de Persoal do Concello, por termo de quince días, aos efectos do sinalado no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, considerándose definitivamente aprobado se no devandito termo non se presentan reclamacións.

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR. GONZÁLEZ BASANTA: Dende o BNG sorprendíanos que trouxese por terceira vez os presupostos ao Pleno non habendo acordos sobre a materia. Agora xa nos aclaramos. Vostede fai trilería coa política. Como non consegue acordos utiliza todo tipo de argucias para lograr os seus obxectivos. Vostede o que quere é gañar calquera costa.

Sobre os presupostos solo temos que manifestar que non solucionan problemas dos veciños senón que os empeoran. Non hai partidas para aparcamentos, para vivenda protexida, para potenciar o medio rural... A investimentos solo dedícase o dous por cento do presuposto. O gasto corrente e de persoal chega ao noventa por cento. Non hai un plan de investimentos. Estamos en época de vacas fracas, non podemos entender que non se realice un plan de contención do gasto incluíndo medidas como o aforro enerxético xa proposto polo grupo municipal do BNG e aprobado polo Pleno Municipal.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Tampouco podemos deixar de facer referencia á partida para facer fronte aos custos do saneamento que hai que pagar a Gestagua cando non se coñece o custo real do servizo que debeu saír a concurso e non se fixo.

En relación cos ingresos prevese unha taxa para facer fronte ao saneamento que a día de hoxe non está aprobada. Outro tanto en relación cos incrementos previstos no IBI ou o IVTM cando todo indica que non se vai incrementar a recadación e que se están a inflar as partidas.

En relación coa aplicación da plusvalía a ordenanza leva aprobada dende o ano 1989 e non se aplicou ata este ano ¿por que non se aplicou? Ten en conta que iso pode xerar responsabilidades polo diñeiro que se deixou de ingresar estes anos, especialmente nos de crecemento urbanístico. Entendemos que este asunto debería ir ao Pleno para decidirse en que condicións vaise aplicar.

En definitiva estamos ante presupostos que non resolven os problemas. Só serven para parchear e resolver compromisos electorais e que ademais se aproban pola porta de atrás.

Ou SEÑOR ALCALDE: Di que non hai investimentos, que só son de setenta mil euros de fondos propios. Nós conseguimos investimentos doutras administracións e na modificación de crédito que logo imos ver é onde hai investimentos. Teña en conta que en Foz nunca houbo investimentos no presuposto. Para inverter acudíase a un crédito, agora como hai aforro neto positivo podemos financiar a inversión a través da modificación de crédito. Non necesitamos acudir a empréstitos.

Vostedes o que queren é deixar sen manobra ao goberno antes das próximas eleccións autonómicas, iso é o que pensan realmente os veciños.

En relación co da plusvalía que responsabilidade me piden por unha ordenanza aprobada seis anos antes de que eu chegase ao cargo e que non se aplicara nunca. Hai outras que non se aplican como a do pavillón deportivo de Marzán. Eu asinei o que me trouxeron os servizos municipais, fun o único en aplicar a ordenanza.

O pobo necesita as presupostos porque senón é un ano perdido, nós falamos con todos os grupos políticos e recibimos propostas de todos eles que as recolleemos no presuposto.

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR. GONZÁLEZ BASANTA: Aquí o que estamos a debater é os presupostos. Neles só hai cento cincuenta mil euros de inversión sendo a achega municipal de máis ou menos a metade. É unha inversión ridícula.

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, SR. CANCIO RODRÍGUEZ: Non é certo que sexa a terceira vez que levamos os presupostos, nin sequera é a segunda. A verdade é que este é o segundo presuposto que vén ao Pleno. Modificouse, froito das negociacións, o presuposto que trouxemos inicialmente pero a verdade é que é moi difícil negociar co BNG porque vostedes non queren aprobar o presuposto do Concello de ningún xeito.

Polo que se refire a quen paga a inversión a mi resúltame indiferente. Canta máis inversión haxa, veña de onde veña, mellor para o Concello.

Sometido a votación o ditame o mesmo é **aprobado con seis votos a favor (D. José María García Rivera, D. Xaime Cancio Rodríguez Dona Rosa Alonso Rodríguez, D. Pedro M. Fernández Marful e D. Ramón Sixto Legaspi) e tres votos en contra (D. Xan Carlos González Basanta, D. Balbino Fernández López e Dona María Xosefa Alonso Otero).**



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

5) APROBACIÓN DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA RELATIVO Á APROBACIÓN DO EXPEDIENTE 14/2008 DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS DO ORZAMENTO MUNICIPAL PRORROGADO DE 2008.-

Sométese a consideración a seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola comisión informativa:

Visto o expediente incoado por esta Alcaldía para a aprobación do expediente de modificación número 14 do Orzamento Xeral prorrogado de 2008 e tendo en conta os seguintes antecedentes de feito:

- Que na Memoria de Alcaldía xustifícase o motivo da tramitación deste expediente mediante unha relación das partidas do Estado de Gastos que precisan aumentar o seu saldo de crédito para o desenvolvemento de programas ou o cumprimento de compromisos xa acordados ou previstos polos órganos competentes do Concello.
- Que o importe total da proposta de modificación que formula a Alcaldía ascende á cantidade de catrocentos cincuenta e cinco mil oitocentos corenta e seis euros con trina e oito céntimos (455.846,38 €) e financíase co saldo do remanente de tesourería de libre disposición procedente do exercicio anterior.

Visto o informe de Intervención emitido o día 09 de xuño de 2008 e considerando os seguintes fundamentos xurídicos:

- Os artigos 177 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que regulan os expedientes de concesión de crédito extraordinario ou de suplemento de crédito, a tipoloxía da cal e procedemento detállase nos artigos 34 e seguintes do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento Orzamentario e nas Bases de Execución do Orzamento.
- O artigo 177.2 do Texto Refundido citado, que atribúe competencia ao Concello Pleno para a aprobación deste expediente, ao que lle resultan de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade do Orzamento Xeral.

De conformidade co exposto propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. - Aprobar con carácter inicial o expediente número 14 de modificación do Orzamento Xeral prorrogado de 2008 por importe de catrocentos cincuenta e cinco mil oitocentos corenta e seis euros con trina e oito céntimos (455.846,38 €), que se financia co saldo do remanente de tesourería de libre disposición de acordo coa seguinte proposta:

PROPOSTA DE MODIFICACIÓN NÚMERO 14 DO ORZAMENTO XERAL PRORROGADO DE 2008.

SUPLEMENTO E CRÉDITO EXTRAORDINARIO.

PARTIDA	DENOMINACIÓN	IMPORTE ACTUAL	MODIFICACIÓN	DEFINITIVO
432.22706	Urbanismo e arquitectura. Estudos e traballos técnicos	30.000,00	12.000,00	42.000,00



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

432.62300	Urbanismo e arquitectura. Reelectrificación e alumado punto limpo, centro social San Martiño e barrio Mañente	0,00	6.500,00	6.500,00
441.62301	Saneamento abasto e distribución de auga. Traída de auga Barrio da Hermida San Martiño	0,00	31.346,38	31.346,38
441.62303	Saneamento abasto e distribución de auga. Inversión en saneamento en parroquias do Concello	0,00	167.000,00	167.000,00
441.62304	Saneamento abasto e distribución de auga. Depósito de auga en Trasmonte	0,00	20.000,00	20.000,00
451.682	Cultura. Recuperación de Centros sociais	25.000,00	34.000,00	59.000,00
452.63200	Deportes. Inversión 2ª fase peche pista deportiva de Cangas	0,00	60.000,00	60.000,00
511.60110	Vías públicas. Inversión estradas e camiños en parroquias do Concello	0,00	125.000,00	125.000,00
Total expediente de modificación de créditos 14/2008				455.846,38

FINANCIAMENTO DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN

CONCEPTO	DENOMINACIÓN	IMPORTEACTUAL	MODIFICACIÓN	DEFINITIVO
870.00	Remanente de Tesourería para financiar créditos extraordinarios	0,00	409.846,38	409.846,38
870.01	Remanente de Tesourería para financiar suplementos de crédito.	0,00	46.000,00	46.000,00
Total financiamento expediente de modificación de créditos 14/2008				455.846,38

SEGUNDO. - O expediente impulsárase de oficio nos termos que establece a lexislación Reguladora das Facendas Locais. Así, aprobado inicialmente o expediente, exporase ao público, logo de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

Se durante este período non se presentarán alegacións polos interesados, entenderíase que a modificación de crédito foi definitivamente aprobada; no caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolver as alegacións presentadas.

Aprobada definitivamente polo Pleno do Concello, dita modificación do Orzamento será publicada, resumida por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia, tal e como establecen os artigos 70.2, en relación co artigo 112.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e o artigo 169.3 do Real Decreto Lexislativo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Simultaneamente a este envío, remitírase copia do expediente á Comunidade Autónoma e á Administración do Estado.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR. GONZÁLEZ BASANTA: Buscan o camiño máis doado a través desta modificación de crédito. Estamos de acordo en que moitas das obras son necesarias. O que queremos é que primeiro negocien as mesmas cos veciños e logo que as traia para a súa aprobación plenaria consensuada primeiro polos grupos e logo cos veciños.

O SEÑOR ALCALDE: Estas obra están consensuadas en gran parte. Son obras necesarias deas día a día en todas as parroquias que imos explicar indo parroquia por parroquia.

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR. GONZÁLEZ BASANTA: Poderíamos facelo mellor. É o BNG o que propón realizar uns presupostos participativos, non vale con facer o paripé de ir parroquia por parroquia. A vai que vostede non sabe gobernar senón é con maioría absoluta.

O SEÑOR ALCALDE: Non me diga vostede como é o medio rural de Foz. Nós fixemos grandes investimentos en servizos.

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, SR. CANCIO RODRÍGUEZ: Hai quince días que coñecen nosa proposta e non fixeron nada, ningunha achega. Iso se que é paripé.

Sometido a votación o ditame o mesmo é **aprobado con seis votos a favor (D. José María García Rivera, D. Xaime Cancio Rodríguez Dona Rosa Alonso Rodríguez, D. Pedro M. Fernández Marful e D. Ramón Sixto Legaspi) e tres votos en contra (D. Xan Carlos González Basanta, D. Balbino Fernández López e Dona María Xosefa Alonso Otero).**

6) PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á MODIFICACIÓN DA BASE 43 DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DO CONCELLO DE FOZ NO RELATIVO AS DIETAS POR ASITENCIAS A ÓRGANOS COLEXIADOS.-

Sométese a consideración a seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola comisión informativa:

Visto a necesidade de adecuar as indemnización que se están a percibir por a asistencia as sesión do Pleno Municipal

Tendo en conta estes antecedentes e vistas as atribución concedidas pola lexislación de réxime local, **propono ao Pleno Municipal:**

PRIMEIRO. – A modificación da base 43 das bases de execución do orzamento no relativo ao punto d) dietas por asistencia a órganos colexiados fixando unha cantidade de 82 por asistencia a sesións plenarias.

SEGUNDO. – Dar publicidade ao presente acordo no taboleiro de anuncios do



Concello e no BOP.

Sometido a votación o ditame o mesmo é **aprobado con seis votos a favor (D. José María García Rivera, D. Xaime Cancio Rodríguez Dona Rosa Alonso Rodríguez, D. Pedro M. Fernández Marful e D. Ramón Sixto Legaspi) e tres votos en contra (D. Xan Carlos González Basanta, D. Balbino Fernández López e Dona María Xosefa Alonso Otero).**

7) PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á MODIFICACIÓN DA BASE 43 DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DO CONCELLO DE FOZ NO RELATIVO A ASIGNACIÓN AOS GRUPO POLÍTICOS.-

Sométese a consideración a seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola comisión informativa:

Visto a necesidade de adecuar as indemnización que se están a percibir por a asistencia as sesión do Pleno Municipal

Tendo en conta estes antecedentes e vistas as atribución concedidas pola lexislación de réxime local, **propono ao Pleno Municipal:**

PRIMEIRO. – A modificación da base 43 das bases de execución do orzamento no relativo ao punto e) *Asignación a grupos políticos* fixando unha cantidade de 95 euros mensuais por cada concelleiro que integre os grupos municipais mantendendo fixa a cantía de 180.30 euros mensuais por cada grupo municipal constituído.

SEGUNDO. – Dar publicidade ao presente acordo no taboleiro de anuncios do Concello e no BOP.

O SEÑOR ALCALDE: Como o Concello non pode dar locais para que os grupos políticos os utilicen e estes teñen que pagar as súas sedes consideramos que debe incrementarse a achega municipal para o sostemento destes.

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR. GONZÁLEZ BASANTA: En parte estamos de acordo e por iso ímonos abster.

Sometido a votación o ditame o mesmo é **aprobado con seis votos a favor (D. José María García Rivera, D. Xaime Cancio Rodríguez Dona Rosa Alonso Rodríguez, D. Pedro M. Fernández Marful e D. Ramón Sixto Legaspi) e tres abstencións (D. Xan Carlos**



González Basanta, D. Balbino Fernández López e Dona María Xosefa Alonso Otero).

8) PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á APROBACIÓN DA ORDENANZA DE LIMPEZA URBANA.-

Sométese a consideración a seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola comisión informativa e enmendada de verbo ante o Pleno Municipal:

Considerándose do máximo interese para este Municipio a aprobación dun Regulamento municipal que regule a limpeza urbana, completando o disposto nas Leis e Regulamentos vixentes.

De conformidade coa proposta efectuada pola concelleira delgada de medio ambiente e visto o informe do secretario municipal, PROPOÑO Ó PLENO:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a ORDENANZA MUNICIPAL DE LIMPEZA VIARIA:

ORDENANZA MUNICIPAL DE LIMPEZA URBANA.

TÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS.

Artigo 1.

A presente Ordenanza ten por obxecto regular, no ámbito de competencias do Concello de Foz e dentro do seu termo municipal, as seguintes situacións, actividades e comportamentos:

- A limpeza de vía pública no que se refire ao uso común xeral dos cidadáns, e a limpeza de soares de propiedade municipal. Así mesmo, a inspección e a realización subsidiaria da limpeza dos soares de propiedade pública ou privada.
- A prevención do estado de sucidade da Cidade, producido como consecuencia das manifestacións públicas na rúa, e a limpeza dos bens de dominio municipais no que respecta ao seu uso común especial e privativo.
- A acumulación, carga, transporte e vertedura de terras, entullos e outros materiais similares e asimilables, producidos como consecuencia de obras, construcións, derrubamentos, en todo o non incluído nos apartados anteriores.
- En canto sexa da súa competencia, a xestión, control e inspección dos sistemas e equipamentos destinados ao tratamento, aproveitamento, depósito e eliminación dos residuos mencionados.

Artigo 2.

Cando a presente Ordenanza alude ao Servizo Municipal de Limpeza debe entenderse que se refire non soamente ao caso de xestión directa deste servizo, senón a calquera outra forma posible.

Artigo 3.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Deber de cumprir o establecido na presente ordenanza polos cidadáns entenderase sempre sen prexuízo do cumprimento das obrigas que desenvolve o Servizo Municipal de Limpeza Pública, e as instrucións que, en cada caso, dite o Concello.

Artigo 4.

1. As normas da presente Ordenanza, a excepción das restritivas de dereitos e as sancionadoras, aplicaranse por analoxía aos supostos que non estean expresamente regulados e que, pola súa natureza, están comprendidos no seu ámbito de aplicación.
2. Os Servizos Municipais, logo de audiencia a interesados, establecerán a interpretación que consideren conveniente nas dúbidas que puidesen presentarse sobre a aplicación da presente Ordenanza.

Artigo 5.

1. Tanto as persoas físicas como xurídicas de Foz, están obrigadas, no que concirne á limpeza do Municipio, a observar unha conduta encamiñada a evitar e previr a sucidade.
2. Así mesmo, poderán poñer en coñecemento da Autoridade Municipal as infraccións que en materia de limpeza pública presenciaren, ou das que teñan un coñecemento certo. Para tal efecto, o Concello disporá dunha oficina na Área de Medio onde se recolla e canalice a información e comunicacións sobre estes asuntos.
3. Será responsabilidade do Concello atender as reclamacións, denuncias e suxestións dos cidadáns, exercendo as accións que en cada caso correspondan.

Artigo 6.

1. Todos os cidadáns están obrigados ao cumprimento puntual da presente Ordenanza e de cantas disposicións complementarias con ela relacionada dite en calquera momento a Alcaldía ou o/a Concelleiro/a responsable do Servizo de Limpeza.
2. A Autoridade Municipal poderá esixir en todo momento o cumprimento inmediato da presente Ordenanza, esixindo o causante dunha infracción á súa corrección, sen prexuízo da imposición da sanción que corresponda.
3. A Alcaldía, por proposta dos Servizos Municipais correspondentes, poderá impoñer sanción, de acordo co Cadro que se establece ao efecto, aos que co seu comportamento contraviñesen o disposto na presente Ordenanza.

Artigo 7.

1. O Concello poderá realizar subsidiariamente os traballos de limpeza que, segundo a presente Ordenanza, corresponda efectuar directamente as persoas físicas ou xurídicas, imputándolles o custo dos servizos prestados de acordo coas Ordenanzas Fiscais, e sen prexuízo das sancións que correspondan a cada caso.
2. Nas mesmas condicións que o apartado anterior o Concello poderá subsidiariamente levar a cabo traballos de mantemento, reparación e limpeza dos elementos e partes exteriores dos inmobles, á carga, retirada, transporte e eliminación dos materiais residuais abandonados, e actuar de igual forma, en cantas actuacións supoñan un incumprimento da presente Ordenanza.

Artigo 8.

1. O Concello favorecerá e colaborará nas accións que en materia de limpeza pública sexan promovidas polos particulares, fomentando as actuacións encamiñadas a aumentar a mellora da calidade de vida en Foz.
2. O Servizo Técnico de Medio do Concello velará especificamente polo cumprimento da presente Ordenanza sen detrimento das funcións que sobre a mesma materia



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

correspondan a outros os seus servizos. Para tal efecto, xestionará directamente as reclamacións, denuncias e suxestións que os cidadáns comuniquen ao Concello a través da oficina a que se refire o Art. 5 desta Ordenanza.

3. O Concello fará campañas de información e sensibilización social sobre a presente Ordenanza.

TÍTULO II. DA LIMPEZA PÚBLICA.

CAPÍTULO I. Da limpeza pública como consecuencia do uso común xeral dos cidadáns.

Artigo 9.

Para os efectos da limpeza, considérase como vía pública: as rúas, paseos, avenidas, beirarrúas, bulevares, travesías, prazas, parques, zonas axardinadas, túneles viarios e demais bens de uso público, destinados directamente ao uso común xeneral dos cidadáns.

1. Os residuos de pequeno volume tales como papeis, cabichas, envoltorios, peladuras, etc., deberán depositarse nas papeleiras instaladas ao efecto.
2. Prohíbese botar cigarros, cigarros, cabichas ou outras materias acendidas nas papeleiras. En todo caso deberán depositarse nelas unha vez apagados.
3. Prohíbese igualmente botar á vía pública calquera clase de desperdicio dende os vehículos, xa estean parados ou en marcha.
4. Non se permite sacudir roupas e alfombras sobre a vía pública, nin, tampouco dende os balcóns ventás ou terrazas, fóra do horario establecido para iso na presente Ordenanza. En todo caso, estas operacións realizaranse de forma que non causen danos nin molestias a persoas ou cousas.
5. Non se permite regar as plantas instaladas no exterior dos edificios se a consecuencia desta operación se producen verteduras ou salpicaduras sobre a vía pública ou sobre os seus elementos. O rego farase conforme ao horario que se establece na presente Ordenanza, e sempre coa debida precaución e coidado para non causar prexuízos.
6. Prohíbese chuspir e satisfacer as necesidades fisiolóxicas na vía pública e lugares non destinados expresamente para iso.
7. Prohíbese botar á vía pública dende ventás, terrazas, balcóns, aberturas exteriores, etc., dos edificios, vivendas ou establecementos calquera tipo de residuo urbano, mesmo en bolsas ou outros recipientes.
8. Queda prohibido realizar calquera operación que poida ensuciar a vía pública, e de forma especial o lavado e limpeza de vehículos, a vertedura de augas procedentes de lavado, e a manipulación ou selección das escouras ou residuos urbanos.
9. Queda prohibido o abandono de restos vexetais procedentes de podas ou de calquera outras actuacións agrícolas na vía pública ou en espazos de uso e desfrute común.

CAPÍTULO II. Da sucidade na vía pública a consecuencia de obras e actividades diversas.

Artigo 10.

1. Todas as actividades que poidan ocasionar sucidade na vía pública, calquera que sexa o lugar en que se desenvolva, e sen prexuízo das licenzas ou autorizacións que en cada caso sexan procedentes, esixen dos seus titulares a obriga de adoptar as medidas necesarias para evitar que se ensucie a vía pública, así como a de limpar coa frecuencia axeitada a parte afectada desta, e retirar os materiais residuais resultantes.
2. A Autoridade Municipal poderá requirir o responsable para que efectue as accións de limpeza correspondentes.

Artigo 11.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

1. Para previr a sucidade, as persoas que realicen traballos ou obras que afecten á vía pública, deberán proceder á protección destas mediante a colocación de elementos adecuados arredor dos derrubamentos, terras e outros materiais sobrantes de obra, de modo que se impida a expansión e vertedura destes materiais fóra da zona afectada polos traballos.
2. Se fose necesario, baseándose no feito de que os vehículos de transporte dependentes da obra producen sucidade na vía pública, instálase un sistema de lavado das rodas destes vehículos.
3. En especial, as zonas inmediatas aos traballos de gabias, canalizacións, etc., realizadas na vía pública, deberán manterse sempre limpas e exentas de toda clase de materiais residuais.
4. Cando se trate de obras na vía pública, independentemente das medidas de seguridade vial, deberán instalarse valla e elementos de protección, así como tubos para a carga e descarga de materiais e produtos de derrubamento, que deberán reunir as condicións necesarias para impedir a sucidade na vía pública e que se causen danos ou molestias a persoas ou cousas.
5. Os vehículos destinados aos traballos de construción, darán cumprimento ás prescricións que se establecen sobre transporte e vertedura de terras e entullos.

Artigo 12.

Cando se trate de edificios en construción, rehabilitación, reforma ou derrubamento, será o contratista da obra o responsable da limpeza de vía pública que se vexa afectada polas obras.

Artigo 13.

1. Prohíbese o abandono ou deposición na vía pública de calquera material residual, ou a súa vertedura nalgún dos seus elementos.
2. No caso concreto dos envases e embalaxes non producidos por particulares e susceptibles de reciclarse, os propietarios da actividade xeradora destes deberán axustarse á xestión realizada polo servizo de limpeza.
3. Os residuos depositaranse, en todo caso, en elementos de contención autorizados polo Concello, e seguindo en canto á instalación as directrices que para colectores na vía pública quedan establecidas.
4. A utilización de elementos de contención para obras será preceptiva cando se haxa de ocupar espazo público para o seu depósito e axustarán as súas dimensións ás características das vías públicas en que se sitúen, de tal modo, que non sexa impeditiva da prestación destes servizos.
5. Os colectores para obras deberán retirarse da vía pública coas condicións que establece a presente Ordenanza e, en todo caso, dentro das vinte e catro horas seguintes á finalización dos traballos. Superado o termo de vinte e catro horas, os materiais abandonados na vía pública adquirirán o carácter de propiedade municipal, sen que o responsable poida reclamar o Concello polas perdas ocasionadas na eliminación destes materiais, e sen prexuízo da taxa fiscal a aplicar pola prestación do correspondente servizo, nin das sancións que sexan aplicables.

Artigo 14.

1. Finalizadas as operacións de carga, descarga, saída ou entrada a obras, almacéns, etc., de calquera vehículo que poida producir sucidade na vía pública, o persoal responsable das devanditas operacións, e subsidiariamente, os titulares dos establecementos e obras onde se efectuaron e, en último termo, o propietario ou o condutor do vehículo, procederán á limpeza da vía pública e dos elementos desta que se ensuciasen, así como á retirada dos materiais verquidos, todo iso sen prexuízo do establecido no Art. 13 da presente Ordenanza.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

2. As persoas mencionadas no apartado anterior, e pola mesma orde, serán as responsables das infraccións que polos conceptos citados se fixesen á presente Ordenanza.

Artigo 15.

1. Queda prohibido o transporte de formigón con vehículo formigoneira sen levar pechada a boca de descarga cun dispositivo que impida a vertedura de formigón na vía pública.
2. Prohíbese limpar as formigoneiras na vía pública e calquera outro lugar non adecuado para iso.
3. Do incumprimento dos apartados anteriores serán responsables o propietario e o condutor do vehículo, quedando obrigados á limpeza do formigón que se verca, e da vía pública afectada, sen prexuízo das sancións que correspondan.

Artigo 16.

Prohíbese a manipulación e selección de calquera tipo de material residual depositado na vía pública.

Artigo 17.

Prohíbese rebuscar, furgar e extraer elementos depositados nas papeleiras e recipientes instalados na vía pública.

Artigo 18.

A limpeza de escaparates, tendas, puntos de venda, establecementos comerciais, etc., efectuada polos particulares, farase de acordo co disposto na presente Ordenanza, coa precaución de non ensuciar a vía pública. O titular da actividade será responsable diso.

Artigo 19.

1. Prohíbese realizar na vía pública os actos que se especifican a continuación:
 - a. Baleirar, verquer e depositar calquera clase de materiais residuais tanto nas calzadas coma nas beirarrúas - salvo as que vaian ser retiradas polo servizo de limpeza pública-, gabias, soares e rede de saneamento.
 - b. Derramar nos mesmos lugares calquera tipo de auga sucia, a excepción da rede de saneamento.
 - c. A vertedura, mesmo na rede de saneamento, de calquera tipo de residuo industrial líquido, sólido ou solidificable.
 - d. O abandono de animais mortos.
 - e. A limpeza de animais.
 - f. A reparación de vehículos.
 - g. Realizar calquera acto que produza sucidade ou sexa contrario á limpeza e decoro da vía pública.

Artigo 20.

1. Prohíbese o abandono de mobles e aparellos particulares na vía pública, salvo os que estean á espera de ser retirados polo servizo especial de recollida destes segundo as condicións establecidas: días e horas de recollida, cantidades, modo de presentación dos residuos e inscrición previa na Área de Medio.
2. Prohíbese o abandono na vía pública de residuos perigosos de orixe domiciliaria ou industrial salvo no caso excepcional de que estean á espera de ser retirados polo servizo especial de recollida segundo as condicións establecidas polo Concello e



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

- segundo as medidas de seguridade exixidas polo mesmo para evitar calquera tipo de risco para a saúde e o medio ambiente.
3. Será potestade dos servizos municipais a retirada sen previo aviso de todo obxecto ou material abandonado na vía pública.
 4. Os materiais retirados polos servizos municipais, serán trasladados, para o seu depósito ou eliminación, aos lugares previstos para tal fin pola Autoridade Municipal.
 5. O depósito ou tratamento destes materiais se rexerá, en todo momento, pola lexislación vixente e, no non previsto, polo que dispoña a Autoridade Municipal Competente.
 6. Os gastos ocasionados pola súa recollida, transporte e custodia destes materiais, serán a cargo dos seus propietarios ou dos produtores de escouras.

CAPÍTULO III. Da limpeza e mantemento dos elementos e partes exteriores dos inmobles.

Artigo 21.

1. Os propietarios de inmobles, ou subsidiariamente, os titulares, están obrigados a mantelos nas debidas condicións de seguridade, limpeza e ornato público.

Artigo 22.

1. As comunidades de propietarios dos edificios ou gabas propietarios de terreos, vivendas e establecementos están obrigados a manter limpas as fachadas, os rótulos de numeración dos portais, as medianeiras descubertas, as entradas, as escaleiras de acceso e, en xeral, todas as partes dos inmobles que sexan visibles dende a vía pública. Os propietarios de baixos deberán pechalos debidamente con ladrillo ou bloque e procederán o seu caleado e pintado.
2. Para estes efectos, os propietarios deberán proceder aos traballos de mantemento, limpeza, rebozado e estucado, cando por motivos de ornato público sexa necesario ou o ordene a Autoridade Municipal, logo de informe de servizos municipais competentes.
3. Suposto o incumprimento dos apartados anteriores, e logo de trámite de audiencia, o Concello requirirá os responsables para que no prazo que se lles sinale realicen as obras ou operacións necesarias.
4. En caso de incumprimento, e cando as circunstancias o fagan aconsellable, ou se obteñan melloras de interese xeral, o Concello poderá efectuar de forma subsidiaria as obras e operacións de conservación e limpeza a que se refire o presente artigo, imputando o custo aos propietarios, sen prexuízo das sancións a que hubiere lugar.

CAPÍTULO IV. Da limpeza e mantemento de urbanizacións e soares de propiedade privada.

Artigo 23.

1. Corresponde aos propietarios a limpeza á súa costa das beirarrúas, pasaxes, calzadas, prazas, etc., das urbanizacións de dominio e uso privado.
2. Será tamén obriga dos propietarios a limpeza dos patios interiores de mazá, os soares particulares, as galerías comerciais e similares.
3. O Concello exercerá o control e inspección do estado de limpeza dos elementos obxecto dos apartados anteriores, e poderá requirir os responsables para a súa limpeza, de acordo coas instrucións que para o efecto diten os servizos municipais.

Artigo 24.

1. Os propietarios de soares e terreos deberán mantelos libres de escouras e residuos, e nas debidas condicións de salubridade, hixiene, seguridade e ornato público.
2. A prescrición anterior inclúe a esixencia da desratización e desinfección dos soares.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

3. O Concello poderá permitir a ausencia de valado nos casos en que, transitoriamente, os soares se destinen a espaxemento, benestar social ou funcións de interese público.
4. Queda prohibido que calquera clase de vexetación (silveiras, matoeiras, mirtos, setos, etc.) dos soares e terreos particulares invadan a vía pública. Os setos vexetais dos soares e terreos particulares deberán respetar a liña vertical do linde do soar ou terreo e non invadir a vía pública.

Artigo 25.

1. En caso de ausencia dos propietarios e cando existan razóns de interese público, derivados das condicións de insalubridade dos terreos, o Concello poderá acceder á parcela a través da porta de acceso, logo de cumprimento de trámites legalmente establecidos.
2. Os servizos municipais imputarán aos propietarios os custos das operacións que fosen necesarias, así como as que se deriven da devolución ao seu estado inicial e a sanción correspondente por incumprimento e abandono.

Artigo 26.

1. Tratándose de zonas urbanizadas ou afectadas polo plan urbanístico, e mediando cesión dos seus propietarios para uso público, o Concello, unha vez oídos os interesados, poderá facerse cargo total ou parcialmente do mantemento das condicións obxecto dos artigos precedentes.
2. No suposto contemplado no apartado anterior, a Autoridade Municipal Competente, en exercicio das súas facultades, resolverá de acordo co interese cidadán.

CAPÍTULO V. Repercusións na limpeza respecto á tenza de animais na vía pública.

Artigo 27.

1. Este capítulo queda recollido na Ordenanza Municipal de Tenza de Animais.

CAPÍTULO VI. Actuacións do cidadán en caso de nevada, riadas, asolagamentos e outras situacións excepcionais respecto á limpeza da vía pública.

Artigo 28.

1. Ante unha situación excepcional os propietarios de edificios, titulares de negocios, o titular administrativo (cando se trate de edificios públicos), os propietarios de soares, e subsidiariamente os responsables destes, están obrigados a cumprir coas prescricións seguintes.
2. Os restos e os materiais procedentes das citadas situacións depositaranse na beirarrúa, xunto ao bordo, pero non na calzada, e de modo que:
 - a. Non se deposite sobre os vehículos estacionados.
 - b. Non impida a circulación de auga polas corredías, nin o acceso e circulación de vehículos.
 - c. Quede libre o acceso ao sumidoiro, ou tapa de rexistro da rede de sumidoiros máis próxima.

Artigo 29.

Mentres dures a situación de excepción, os cidadáns en xeral, e os propietarios de inmobles, negocios, lonxas, solares, vehículos, etc., deberán observar as instrucións que en todo momento dite a Autoridade Municipal.



Artigo 30.

En ningún caso será lanzada á vía pública os materiais procedentes dos citados fenómenos atmosféricos que se acumula en terrazas, balcóns, cubertas e restantes partes dos edificios, salvo as disposicións que en sentido contrario dite a Autoridade Municipal Competente.

CAPÍTULO VII. Horarios.

Artigo 31.

1. O horario para sacudir roupas e alfombras será dende as 6.30 horas da mañá ás 9.00 horas da mañá e o horario para regar as plantas será dende as 22.00 horas da noite ás 9.00 horas da mañá, cumprindo sempre o disposto en artigos anteriores.
2. O horario autorizado para a limpeza de escaparates, tendas, postos de venda, etc., así como a limpeza xeral de terrazas, veladores, etc., de establecementos públicos ou de hostalaría, realizarase de modo que non cause molestias aos viandantes.

TÍTULO III. DA LIMPEZA DA CIDADE EN CANTO AO USO COMÚN ESPECIAL E PRIVATIVO E AS MANIFESTACIÓNS PÚBLICAS NA RÚA.

CAPÍTULO I. Condicións xerais e ámbito de aplicación.

Artigo 32.

De acordo co establecido no artigo 1, o presente Título considera as normas a seguir para manter a limpeza do municipio nestes aspectos:

- a. O uso común, especial e privativo dos bens de dominio público municipal.
- b. A prevención da sucidade no municipio que puidese producirse como consecuencia de actividades públicas na vía pública.

Artigo 33.

1. A sucidade da vía pública producida como consecuencia do uso común e privativo, será responsabilidade dos seus titulares.
2. Os titulares de establecementos, sexan ou non fixos, tales como bares, cafés, quioscos, postos de venda e similares, están obrigados a manter nas debidas condicións de limpeza tanto as propias instalacións, como o espazo urbano sometido á súa influencia.
3. O Concello poderá esixir aos titulares a que se refire o apartado anterior o correcto uso de recipientes homologados para o depósito e retención dos residuos producidos polo consumo nos seus establecementos.

Artigo 34.

1. Os organizadores privados dun acto público en espazos de propiedade pública, serán os responsables da sucidade derivada de tal acto nestes.
2. Para os efectos da limpeza da cidade, os organizadores privados de actos públicos están obrigados a informar o Concello do lugar, percorrido e horario destes. O Concello poderalles esixir a constitución dunha fianza en función dos previsibles traballos extraordinarios de limpeza que puidese corresponder efectuar a consecuencia da sucidade producida polas celebracións do acto. De atoparse o espazo ocupado e o da súa influencia en perfectas condicións de limpeza, a fianza será devolta. No caso contrario, deducirase desta o importe dos traballos extraordinarios a realizar.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

3. Se como consecuencia directa dun acto público se producisen deterioracións na vía pública ou no seu mobiliario, serán diso responsables os seus organizadores ou promotores, os que deberán aboar os gastos de reposición, con independencia das sancións a que hubiere lugar.

CAPÍTULO II. Das pintadas.

Artigo 35.

1. Prohíbese toda clase de pintadas na vía pública, tanto sobre os seus elementos estruturais, calzadas, beirarrúas e mobiliario urbano, coma sobre os muros, paredes, estatuas, monumentos e calquera elemento externo da cidade.
2. Serán excepción, en relación co apartado anterior:
 - a) As pinturas murais realizadas sobre as valla de soares, peches de obra, paredes medianeiras vistas e elementos con carácter provisional.
 - b) En calquera momento, a través dos servizos municipais correspondentes, o Concello poderá proceder ao borrado ou eliminación das pintadas, tanto se dispoñen de autorización, coma se non a tivesen.

TÍTULO IV. DA RECOLLIDA, TRANSPORTE E VERTEDEURA DE TERRAS E ENTULLOS.

CAPÍTULO I. Condicións xerais e ámbito de aplicación.

Artigo 36.

1. O presente Título regulará as seguintes operacións.
 - a) O libramento, carga, transporte, acumulación e vertedura das escouras cualificadas como terras e entullos.
 - b) A instalación na vía pública de elementos de contención (sacos, colectores, etc.) para obras, destinados á recollida e transporte de terras e entullos.As disposicións deste Título non rexerán para as terras e outros materiais asimilables cando sexan destinados á venda ou á subministración para traballos de obra nova. Se serán aplicables a todas as prescricións que establece a presente Ordenanza en canto á prevención e corrección da sucidade da vía pública, producida a consecuencia da carga, descarga e transporte de citados materiais.

Artigo 37.

Aos efectos da presente Ordenanza, terán a consideración de terras e entullos, os seguintes materiais residuais:

1. As terras, pedras e materiais similares procedentes de escavacións.
2. Os residuos resultantes de traballos de construción, demolición, derrubamento e, en xeral, todos os sobrantes de obras maiores e menores.
3. Calquera material residual asimilable aos anteriores e os que en circunstancias especiais determine a Autoridade Municipal Competente.

Artigo 38.

A intervención Municipal en materia de terras e entullos terá por obxecto evitar que, a consecuencia das actividades expresadas, se produza:

1. A vertedura incontrolada dos devanditos materiais ou efectuada de forma inadecuada.
2. A vertedura en lugares non autorizados.
3. A ocupación indebida de terreos ou bens de dominio público.
4. A deterioración dos pavimentos e restantes elementos estruturais da zona urbana.



5. A sucidade na vía pública e demais superficies do municipio.
6. O abandono na vía pública de entullos e elementos de contención nos que se recollen.

Artigo 39.

O Concello fomentará que a vertedura de terras e entullos se efectue de forma que se procure a recuperación de espazos públicos e privados.

CAPÍTULO II. Da utilización de colectores e sacos para obras.

Artigo 40.

